

ASUNTO: CONVOCATORIA DE ELECCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN

En aplicación do disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e na Orde do 8 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas,

Convoco: elección dos órganos de goberno, Asamblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Natación, con representatividade durante o período 2014 ata o 2018.

Dende hoxe, e ata que finalice o proceso electoral, constitúese a Xunta Electoral da Federación Galega de Natación, que estará formada polos seguintes membros:

D. Pedro Luís Fernández Pombo	(Presidente)
D. Aitor Bouza Manso	(Secretario)
D. Pedro Fernández Alarcón	(Vogal)

A sede da mesma quedará fixada en:

Federación Galega de Natación
Avda Glasgow, 13
15008 A Coruña
e-mail: xuntaelectoral@fegan.org

Adxunto remítese copia do Regulamento e Calendario Electoral aprobados en Asamblea Xeral e ratificados pola Secretaría Xeral para o Deporte (asemade pódense consultar na páxina web da FEGAN e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte)

Os censos electorais provisionais atópanse expostos no taboleiro de anuncios na sede da FEGAN, e na páxina web, www.fegan.org.



Carlos Bremón Pérez

Presidente da Federación Galega de Natación

A Coruña, 30 de outubro de 2014